

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Salda Nº. 201600022119
30/12/16 11:32:37

NOTA TÉCNICA DA XERENCIA, DE 27 DE DECEMBRO DE 2016, DE ACTUALIZACIÓN SOBRE A XESTIÓN DOS GASTOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA NOS DIFERENTES CAMPUS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NOS APLICATIVOS DE XESTIÓN ECONÓMICA PARA O EXERCICIO 2017.

1.-Antecedentes

A Universidade de Vigo decidiu para o exercicio 2017 adecuar o reparto do orzamentos de extensión universitaria nos tres campus Universitarios en base a criterios obxectivos atendendo fundamentalmente ao número de alumnos, incrementando as partidas unicamente no caso de obtención de fondos alleos captados para actividades específicas.

Por outra banda, a Resolución do 7 de maio de 2014 de delegación de competencias publicada no DOG do 13 de maio de 2014 establece:

“6. Deléganse no vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais as seguintes competencias:

- a) As de proxección da universidade na vida cultural e deportiva.*
- b) As correspondentes a servizos sociais e participación, aloxamento e transportes, así como as relativas á atención e información á comunidade universitaria.*
- c) As de organización, realización e seguimento dos cursos de extensión universitaria e do programa de maiores.*
- d) O fomento da internacionalización e o deseño das estratexias e políticas para as relacións internacionais e a cooperación internacional.*
- e) A representación institucional en foros e eventos internacionais.*
- f) A sinatura de acordos, convenios e protocolos relacionados coa actividade internacional da Universidade de Vigo, cando así sexa considerado oportuno polo reitor.*
- g) O deseño, planificación e xestión dos programas internacionais de mobilidade e intercambio.*
- h) As referidas á convocatoria de bolsas propias no ámbito das competencias delegadas nos puntos anteriores e os seus procedementos derivados.*
- i) As relativas a asociacións universitarias.*

“11. Deléganse no xefe do Servizo de Extensión Universitaria as seguintes competencias, no que se refire ao seu ámbito funcional:

- a) Tramitar as fases de retención, autorización, disposición e contracción de obrigacións dos gastos relativos á realización de obras, adquisición de subministrados e prestación de servizos por contrato menor, segundo o establecido na normativa de contratación do sector público e ás indemnizacións por razón de servizo, respecto aos créditos que teña encomendados. Esta delegación inclúe a firma dos contratos menores.*
- b) Contraer obrigacións por gastos relativos á realización de obras, adquisición de subministrados e prestación de servizos previamente autorizados e dispostos pola Xerencia, respecto aos créditos que teña encomendados. “*

2.-Procedemento

Atendendo ao anterior a sistemática de traballo a partires do 2 de xaneiro de 2017, o procedemento para a xestión e realización dos gastos relativos ao programa "211E-Extensión Universitaria" nos diferentes campus da Universidade de Vigo será:

1-Os pedidos, comisións de servizo e outros gastos serán solicitados polos usuarios validadores / RUG dos diferentes campus. Serán validadores os técnicos de actividades culturais, de actividades deportivas, o Vicerreitor de Extensión Universitaria ou quen este designe.

2-Todos os pedidos, comisións de servizo e outros gastos serán autorizados polo RUG de extensión Universitaria, que será o Xefe de Servizo de Extensión Universitaria.

3-Os pedidos, comisións de servizo e outros gastos serán tramitados pola Unidade Tramitadora que será a Sección de Xestión Económica de Servizos Centrais, sen perxuízo do apoio da responsable de Asuntos Económicos do Servizo de Extensión Universitaria.

O procedemento será o mesmo en todos os programas de xestión económica: Xesticonta, Comisións de Servizo, Pedidos,...

En todo caso deben respectarse as normativas e instrucións específicos de cada tipoloxía de gasto e ferramenta informática.

En Vigo a 27 de decembro de 2016

O Xerente



Manuel Fernández Jauregui

**SR. VICERREITOR DO CAMPUS DE PONTEVEDRA
SR. VICERREITOR DO CAMPUS DE OURENSE
SR. VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E RELACIÓNS INTERNACIONAIS
SR. XEFE DO SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
SR. DIRECTOR TÉCNICO DA ÁREA DE BENESTAR, SAÚDE E DEPORTE
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA E CONTRATACIÓN
SRA. XEFA DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO
SRA. XEFA DO SERVIZO DE CONTABILIDADE, ORZAMENTOS E TESOURERÍA**